



## Campamento scout de Nadal en Esgos

*Unha estupenda alternativa de ocio educativo para as vacacións deste Nadal para rapaces e rapazas entre o 8 e 14 anos*

Ourense, 18 de decembro de 2015

**O Grupo Scout ILEX 959, de Ourense, e o Grupo Scout Ferrol 19, da cidade coruñesa, xuntaranse en Vilar de Ordellas, Esgos, para desenvolver seu campamento de Nadal entre os días 26 e 29 buscando o contacto coa Natureza na estupenda contorna das terras da Ribeira Sacra.**

Nesta actividade aproximadamente **30 rapaces e rapazas, e seus monitores/as voluntarios/as, ocuparán o Albergue de Vilar de Ordellas, que o Concello de Esgos lles facilita xenerosamente** para estes catro días de aventura, e que será a base e lugar de pernocta para os pequenos aventureiros de **entre 8 e 13 anos**.

As actividades buscarán o máximo contacto coa Natureza e haberá rutas, **actividades** de orientación, xogos, gymkhanas, teatro, xogos de pistas, cancións, etc. Pero sobre todo haberá diversión, convivencia e tamén corresponsabilidade, onde os e as participantes ocuparanse (de acordo as súa idade e capacidades) de tarefas básicas do campamento, como facer comidas, fregar a louza, ocuparse da limpeza da instalación, **pois o método educativo que empregamos os scouts busca que os nenos e nenas sexan cada vez máis autónomos e responsables.**

Calquera rapaz/a de Ourense e a súa contorna, con idade entre os 8 e os 13 anos pode aínda inscribirse e coñecer como é a aventura scout. **A inscrición estará aberta**, a través dun formulario da nosa páxina web, **ata as 14:00 horas do luns día 21** de decembro cun custe de 49 euros que inclúe seguros, alimentación, aloxamento e actividades.

**O Grupos Scout ILEX 959, de carácter laico, é de recente constitución** e leva desenvolvendo a súa acción educativa dende comezos de outubro deste ano con actividades semanais que **desenvolve cada sábado pola mañá no Espazo Xove** (Casa da Xuventude) de Ourense e conta xa con unha quincena de rapaces e rapazas participantes. **O Grupo Ferrol 19 é o grupo scout decano en Galicia**, contando con máis de 50 anos de historia, polo que o campamento será unha estupenda oportunidade para trasladar parte da súa experiencia ao grupo ourensá recentemente constituído. Ambos grupos forman parte da federación scout ASDE – Scouts de Galicia.

**Máis información e inscricións:**

---

[Sobre o campamento](#) / [Sobre o grupo scout](#)

**Xulio López – Coordinador do Grupo Scout ILEX | Telf. 649 752 351**